

PROLETARIOS DE TODOS OS PAISES E POBOS ASOBALLADOS UNIDEVOS II



ZERRA e ZEMPO

ORGANO DO
COMITE CENTRAL DA

UNION DO POBO GALEGO (UPG)

ANO XIII-N.º 62

15 DE NOVEMBRO/15 DE DECEMBRO - 1978

3 PESOS



**CONTRA
A CONSTITUCION
ESPAÑOLA
E COLONIAL
VOTEMOS
NON**

Os traballadores, os labregos, os profesionales.... contra a Constitución Española e Colonial

Dentro da campaña que dende fai tempo veñen desenrolando conxuntamente co noso Partido, as organizacións integrantes do MN-PG (AN-PG, ING, CC.LL.) de cara a promover o NON á Constitución española, compre destacar os seguintes feitos na provincia de Ourense:

—Pronunciamento contra a Constitución da asemblea de zona de representantes dos concellos comarcais das CC.LL. (máis de cen asistentes).

—Pronunciamento contra a Constitución e polo votemos NON de milleiros de labregos en asembleas e mítines celebrados polas CC.LL. dentro da campaña contra a CESSA.

—Pronunciamento a favor do voto NON na Constitución de diferentes cámaras agrarias e consellos comarcais das CC.LL. (Sarreaus, Trasmiras, Laza, Castrelo do Val, Xunqueira de Ambía, Allariz, Baños de Molgas, Maceda, Montederramo, Carballiño, Ribadavia, Leiro...) chamando aos labregos a votar NON.

Pronunciamento polo voto NON dos grupos asemblearios da AN-PG de Verín, Trasmiras, Xunqueira de Ambía, Carballiño, Sarreaus, Allariz, Ribeiro, S. Amaro, Maside;

da AN-PG de Ourense; do Plenario de zona da AN-PG, etc.

—Pronunciamento contra a Constitución de entidades culturais e asociacións de veciños (Auriense, Avantar, Arnoia...)

—Pronunciamento de comités, delegados e traballadores contra a Constitución, polo voto NON e contra o pacto social, das empresas: «JUAN MANUEL GOMEZ» (Xinzo), «OREMBER» (Ourense), «TELEFONICA» (Ourense), «CARLOS LORENZO» (Verín), «CESAR FERNANDEZ», «MAGEFRIGOR», «PEREIRA DOS SANTOS» (Ourense), «SEVERIANO CARRERA», «CARROCERIAS PEREZ» (Ourense), «HIERROS PERCAR» (Ourense), «CARPINEBA» (Ourense), «GONZALEZ MOURE», «CALEFACCIONES CARRERA» (Ourense), «ORBANSA», «RESIDENCIA SANITARIA», «JESUS CORTES», «JOSE LUIS REBOREDO», «ROGELIO, FERNANDEZ», «UNICAR», etc.

—Pronunciamento polo voto NON de grupos de profesionais, ensinantes, estudantes, etc.

Compre destacar no referente a estes pronunciamentos, o silencio e infravaloración que dos mesmos viñeron facendo os medios de comunicación, especialmente a



prensa, demostrando unha vez máis a súa vocación caciquil e colonial, destacando por outra parte as cáseque inesistentes declaracións a favor do si á Constitución por parte das clases traballadoras. Nembargantes, a pesar dista manobra, grandes sectores das clases populares en Ourense xa se teñen definido

polo NON á Constitución española e colonial.

Traballadores, comités de empresa, sindicalistas, veniense pronunciando, mediante escrito aos medios de difusión, polo non a Constitución. As razóns que espoñen son as seguintes:

«E unha constitución española que consagra o Estado Imperialista Español como aparello en mans do capitalismo monopolista español, pra explotar ás clases traballadoras e ás Nacións oprimidas e colonizadas, como Galicia, sometidas pola forza á actual estrutura unitaria do Estado.

Somete aos traballadores a unha economía de mercado (economía capitalista), restrinxindo todo o posible a nosa capacidade de defensa, e tentando perpetuar, polo tanto, a actual sociedade capitalista.

A política social e cultural está pensada en función dos intereses da burguesía imperialista española. Dende a política lingüística deica o manter e aumentar a privatización e a desigualdade nos servizos públicos, todo está feito pra perpetuar a estrutura do capitalismo monopolista no Estado Español.

En definitiva, a función colonial que Galicia cumpre, pretende ser asegurada e perpetuada na Constitución, ao tempo que se busca a lexitimación «democrática» pra iste asoballamento, facendonos crer que nos autogobernamos co fantasma da Autonomía.

Denunciámos tamén a campaña tendenciosa e manipuladora das forzas políticas e sindicais españolas, que, ante a ausencia de argumentos, tentan aproveitar o medo e a desinformación de sectores do Pobo Galego, pretendendo ligar o voto afirmativo cos condensa do terrorismo. Como eiquel en Galicia, non lles serve o engaño de que a constitución española é a «democracia» e a Autonomía, porque xa os galegos rexistamos daboñdo ista farsa, pretenden convencernos do voto afirmativo, meténdonos medo no corpo e falándonos do terrorismo que, evidentemente, soio está ligado co referéndum constitucional porque está sendo utilizado pra engatusarnos e que votemos «si». A nosa resposta a tal manipulación é clara: FRENTE A UNHA CONSTITUCION ESPAÑOLA, ANTIGALEGA E ANTIOBREIRA; VOTAREMOS «NON».

Entre outros, téñense pronunciado ao respecto en Vigo; o Comité de Empresa de «La Guía», e os de «Cortemans», «Transera», «Trevinca», «Vidrios La Florida» e «Fayrena», os 3 delegados sindicais do «Banco de Galicia», o de «Durán Gómez», o do «Banco Atlántico» e o da Cruz Roja; tamén anunciaron a súa postura a prol do Non o SDG da Construción e as seccións sindicais da ING de «Lino Plazas», «Antonio Rivas», «Vidrios La Florida» e «Barreras». E a maiores, a Dirección de Zona da ING.

Na zona de Morrazo, en Cangas pronunciouse o Consello Comarcal das CC.LL. así como veciños de San Pedro, Coiro, San Roque, Cangas e Aldán-Hío, pequenos comerciantes e a Cámara Agraria, que quitou un bando pra chamar á mobilización do día 16. En Bueu, a Asociación Cultural «Libreiro», o Comité de Empresa de «Vilasmar», delegados sindicais de «Curbera», «Constructora Galega», «Agustín García» e «Pereira» e as asembleas de traballadores das catro últimas e máis «Conservas Azpeitia». A maiores, pronunciáronse a Dirección Local da ING do Morrazo e a Asemblea de Delegados tamén da ING do Morrazo.

En Pontevedra, lévase pronunciado a Asociación Cultural «Amigos da Cultura»; en Vilaboa, a Asociación Cultural «Barqueiros», o delegado e afiliados da ING de «Marchaña», e grupos de traballadores de «Virutadoras», «Muebles Arosa» e da Construción. E por último, en Ircade, a sección sindical da ING de «Pontesa» e o Comité de «Regojo».



EDITORIAL

CARA O FUTURO INMEDIATO

Non ven nada mal ollar, dende o presente, o pasado, e preparar a nosa actuación de hoxe con sentido da realidade política na que nos movemos, e dos oxetivos que perseguimos. O noso partido, deixando aparte erros parciais e mínimos, ten a constancia de ter contribuído a unha liña de organización, concienciación e politización populares en Galicia, cuxa xusteza a propia realidade política actual da nosa nación e máis a situación do Estado español se encargan de demostrar. Traballamos arreo e incansablemente por erxer un movemento nacional-popular, isto é, anticolonialista, que fose garantía de ultrapasar calquer consideración meramente antifascista e democratista, xa que sempre actuamos movidos pola convicción de que a situación colonial de Galicia non se amañaba con sinxelos cambios de fasquia formal. En nome deste principio, montamos toda a nosa actuación política, cuxo éxito social é cada intre maior e máis palpable, inde que os inimigos encirren máis os dentes. Ningún pode dúbida que a alternativa do Bloque Nacional Popular Galego, sendo a máis combatida polo imperialismo e por todas as súas correntes de transmisión, é a máis real e consecuente que hoxe existe pra o noso pobo. Dixemos real sendo moi conscientes do que decimos. Real é, pra nós, todo o que é necesario pra solucionar un conflito favorablemente as clases populares. Por eso nós, diante dos nosos inimigos, actuamos de tal xeito que, sin renunciar a ningún principio na teoría e na práctica, as súas maniobras de cerco e destrución fosen inviables, e de tal maneira que saísemos orgánica e politicamente robustecidos. A esta táctica, a unha necesidade histórica do noso pobo, respondéu a potenciação e defensa da alternativa da A.N.P.G. polo noso partido, que iba máis lonxe de toda coitadura antifascista e democrática, sin deixar de cumprir unha función tamén eficaz practicamente nas circunstancias políticas de entón (maior fortaleza do españolismo en termos relativos, menos conciencia nacional no noso pobo, febleza na intro-

ducción social do noso partido, único nacionalista do país, espallamento acelerado da ideoloxía democrática e liberal...). A I.N.G. foi tamén a resposta acertada, nunha conflictiva situación, na que quedar sin organizacións de introducción social, no seo das clases traballadoras, era facilitar a entrada masiva do reformismo e do imperialismo en amplos sectores das mesmas, ademais de que significou a eficaz conxugación da tarefa abertamente política coa sindical, utilizando unhas armas indispensables, necesarias pra combater mellor aos nosos inimigos, ao nivel no que eles estarían favorecidos especialmente pola situación. A legalización tanto da A.N.P.G. primeiro, como do noso partido, despois, foron claras conquistas dun movemento político que non poido ser marxinado porque plantexou as cousas de tal xeito que fose inviable pra o Estado español, no intre oportuno e sin fecer a máis mínima concesión programática ou na liña de actuación práctica. Realmente, da nosa actuación, tendo en conta a realidade política na que nós estamos inmersos, non se derivou ningún afortalamiento do poder colonial, do Estado imperialista, dos monopolios... e si un robustecimento evidente do movemento social organizado nunha perspectiva anticolonial, antimonopolista. Nós non lexitimamos nada e non deixamos que fosemos volatilizados. Todo, gracias a ter moi elero que o que non existe na práctica social, máisime nas condicións reais das que partía o noso pobo, non será realidade algún día. Esta convicción levounos a unha liña de axitación social, de organización social, de combate político, pola que hoxe o noso pobo pode ter esperanza no futuro e garantía de non ser enteiraamente manipulado ou embaucado no presente. Non imos falar da nosa actuación nas eleccións do 15 de xuño e de qué houber acontecido de non termos participado: non imos imaxinar como sería a realidade e conflictividade laboral e política do país de non existir a ING e Comisiones Labregas: non imos negar que a imaxe do Movemento Nacional Popular Galego é

unha imaxe, pesie a todas as calumnias e hostilidades con que se nós combate, a cada vez máis representativa dunha alternativa política que fan súa os sectores populares conscientes do noso país. Resulta a proba evidente pra moitos de que non se pode caer nun escepticismo inútil, porque as cousas están claras, cada intre máis claras, a nivel político, inde que ningún neque que, cada intre tamén, se fan máis difíciles. Esto chámase política real, por necesaria, sin sometimento pragmático que anule, invalide ou paralice o que se persigue. Nesta política houbo sempre unha cousa clara: NON ABSTERSE fronte ao enemigo.

A piques de lexitimarse a situación democrático-formal, compre lembrar o norte da nosa actuación, cuxas coordenadas siquen, non só sin cambiar, senón que terán que ser máis agudizadas, se queremos robustecernos máis e facer recuar a consolidación e estabilización dunha democracia colonialista e española no noso pobo. Neste senso, o referéndum constitucional non é pra nós soio unha necesidade de encaramento ideolóxico e moralista, senón un reto máis onde o corpo social por nós organizado ten que responder activamente, votando non, porque esta vai ser a nosa actuación: combate, oposición á política xeral del derivada. Unica política real, única política na que son victorias inmediatas aquelas que consolidan o proceso de liberación nacional e social do noso pobo. Traectoria de loita na que as actuacións valóranse sempre polo papel que cumpren dentro dun entramado xeral que non remata de inmediato nin persigue encaramarse nunha situación, senón trascendela, destruíla de verdade, cambiala realmente, sen sérenos destruídos nin devorados por ela. Esta é a política real, hoxe posible, hoxe necesaria, pra que algún día poidamos ver a Galicia descolonizada e popular, pola que os comunistas loitamos nesta etapa histórica.

A nosa práctica política e a Constitución

O carácter do Estado español como unitario e o seu papel como fidel gardador dos intereses da burguesía imperialista española son dous aspectos fundamentais que quedan ben reflexados na Constitución española. En función desto, o marco legal que o texto constitucional establece coloca en situación de inconstitucionalidade a maioría dos proxectos sociais, culturais, económicos e políticos que o pobo galego ten reclamado e, xa que logo, tamén as distintas alternativas e reivindicacións que hoxe se plantexan, dacordo con esas perspectivas. O Poder coercitivo do Estado pra segurar os principios constitucionais indica que o combate social no noso país, caso de aprobeirse o texto constitucional terá sempre como telón de fondo a Constitución española, verdadeira «carta de dereitos» do capitalismo monopolista pra acondicionar a súa situación ás novas necesidades que ten.

Así, no plano dos dereitos formais, queda moi claro que as liberdades de expresión, asociación, manifestación e folga samente poderán exercerse dentro do respecto aos principios constitucionais. Evidentemente, cando estos de-

reitos se ergan en contra do colonialismo ou, do capitalismo monopolista, en contra da democracia española ou mesmo pra reclamar a estatización de servizos públicos como a sanidade ou o ensino, pra opoñerse á política económica do imperialismo, etc., poderán ser declarados inconstitucionais e xa que logo non permitidos. Poisque a liberación nacional e social de Galicia é o norte polo que se move toda a actividade das clases populares, do Movemento Nacional-Popular Galego, o Estado tentará impedir, cando lle pete, o exercicio daqueles dereitos ao pobo galego, declarandoos ilegais por ir contra a Constitución.

No texto constitucional español esta política lévese hesta formulacións alarmantes xa que se mediatiza totalmente a capacidade reivindicativa dos traballadores en función do respecto ao mesmo. As folgas, as accións sindicais, samente poderán exercerse sen intentar contra dos principios constitucionais, principios que aseguran por exemplo, a economía de mercado e a libre empresa, correspondéndolle ao Estado garantir a produtividade e estabilidade económicas. Xa sabemos o que se

entende por «productividade e estabilidade», e nesa perspectiva, poderán ser declarados inconstitucionais, ao arbitrio e antoxo da lei, actividades cotidianas dos traballadores. Pola contra, os peches patronales, as regulacións de plantilla, etc., masivamente rexeitados pola clase obrreira galega, poderán ser xustificadas constitucionalmente en aras de «productividade».

No eido organizativo a Constitución non é máis adiantada que a propia lexislación fascista, simplemente adopta unha careta máis liberal. Unha agrupación cultural, unha organización sindical, calqueira organización política galega que teñan unha actividade anticolonial sitúase fora da Constitución. O marxén de manobra do Estado español pra tentar declarar ilegal a práctica política das organizacións nacional-populares será total.

A nivel político as arelas do pobo galego tamén quedan foras. O fracaso estrepitoso da autonomía e o rexeitamento popular que ten —como quedou ben patente o 25 de xullo onde as clases populares se movilizaron reclamando as Bases Constitucionais da Nación Galega— non supón

nada pra o Estado colonialista español, que unha vez máis tenta frenar o proceso de liberación nacional constituionalizando a mascarada da Autonomía.

Ainda no terreo económico, preténdese afortalar o papel de Galicia como suministradora de materias primas, man de obra e capital e xa que logo, o combate constante que se ten, dado contra a actuación do capitalismo monopolista tamén pasará a ser anticonstitucional. Unha vez máis a legalidade da «democracia española» tentará deixar fora de xogo ao pobo galego cando se opón á instalación dunha central nuclear en Xove, cando se opón a actuación da empresa monopolista Fenosa na destrución das millores terras, cando se opón á agresión colonial descarada que supón a Autopista, en definitiva, cando se opón a unha industrialización irracional, feita en beneficio da burguesía imperialista española.

Evidentemente, con esta perspectiva tamén a penetración da ideoloxía burguesa e colonial queda tan perfectamente asegurada que o combate que hoxe se está a dar pra introducir unha galeguización real no sistema educativo

e que vai medrando significativamente continuará e terá de enfrentarse con métodos máis sutís por «democráticos» e «liberais» co fin de inviabilizar este proceso.

En definitiva, a Constitución non significará ningún paso adiante no proceso de Liberación Nacional senón que ha de ser o marco que tentará utilizarse (lexitimado democráticamente) pra frenar o proceso e avanza que o MNPQ está impoñendo. A loita será formalmente nova e temos que ter presente que o Estado español non dúbida en recurrir a un texto que a práctica actual do pobo galego xa ten superado e, aínda máis, xa o ten denunciado como español e antigalego.

Precisamente o voto negativo no referéndum constitucional é a única actuación coherente e consecuente coa traectoria que o noso pobo tiivo sempre xa que a todos os niveis deixou moi claro que está contra dunha Constitución española e colonial, rexeitando coa súa actuación cada ún dos artigos que a Constitución defende.

Comenzou a campaña «votemos non»

Cun sentido inequívoco de concienciación e explicación activa e popular o noso Partido, xunto coa AN-PG e as organizacións sindicais do MNPG (ING-CC.LL.), comenzou a campaña contra a Constitución española e colonial o pasado 16 de santos, realizándose concentracións, mitines, asambleas informativas, axitación social por toda a nosa nación.

Esta campaña galega e popular empezou, como non podía ser doutra maneira, enfrentando xa dende as vísperas o boicot non só dos medios de comunicación senón as maniobras e represión de Xuntas Electorais e Gobernadores Cívicos que chegaron incluso á prohibición de todo tipo de actos en lugares tan significativos como Vigo, Porriño, Cangas, Moaña, tentando descuartizar o noso país e impedir o carácter nacional-galego do día 16.

Pero tamén é verdade que nin a UPG, partido comunista e patriótico, nin as forzas que integran o MNPG, poden deixarse acalar polos medios propagandísticos con que contan os partidarios do «sí» e, pola contra, temos a obriga de demostrar que en Galicia hai unha forza social organizada importante, que non vai lexitimar o produto do consenso imperialista pra a nosa nación.

2.000 personas xuntáronse en Santiago, na plaza das Platerías, pra asistir ao mitin-concentración convocado polo BNPG e apoiado pola ING. En representación do noso partido, o compañeiro Xan Carballo, membro do Comité Central da UPG, denunciou á Constitución española por roubarnos a soberanía a que como pobo temos dereito a cambio dunha Autonomía caciquil e colonial, por ser unha Constitución burguesa na que os dereitos formais son ambíguos e hipócritas, porque afirma o carácter capitalista do Estado, apuntalando e protexendo aos monopolios e mantendo a función imperialista e unitaria respecto da nosa nación, «VOTAREMOS NON» —dixó— ranchan-

do o cerco e o intento confusional de identificar o Non co terrorismo e o Sí coa democracia, argumentos que fannos lembrar etapas do máis represivo fascismo, argumentos simplistas de certos líderes eurocomunistas... pero os comunistas galegos, os patriotas galegos, imos votar Non; Non ao poder dos monopolios, Non á dependencia colonial, Non ao terrorismo da emigración, do paro, dos peches e regulacións... A seguir, Manuel Pose, da ING, falou das consecuencias que tivera o Pacto Social pra os traballadores galegos e do que pode significar os novos pactos pra a nosa clase obreira, afirmando: «Votar Non será a millor garantía pra frenar a política de Pactos

sociais. Si conseguimos un alto número de votos non, o Goberno e as Centrales españolas vanse medir moito á hora de aplicar un novo pacto».

Pola ANPG, Manuela Fraquela, despois de analizar o que representa a Constitución a nivel económico e social pra as diferentes clases e sectores antiimperialistas do noso pobo, dixo «A Constitución, en definitiva, impide levar á práctica o noso programa das Bases, no que se prevé un proceso constituinte a nivel galego, no que se define como e quen queremos que nos governe, e no que se recollen unha chea de medidas políticas, económicas, sociais e culturais capaces de rematar coa nosa situación


colonial. Compre pois, que votedes Non no referéndum constitucional, un Non galego e popular, xa que eso significa que estades con nós na percura e na loita por unha Galicia Ceibe e popular».

A mesma hora que transcurría esta concentración en Santiago, tiñan lugar actos similares nas cidades da Coruña e Ourense. Na primeira, e diante de 1.000 personas que acudiron ao chamamento. Xan López, do CC do noso Partido, Suso Seixo, pola ING, e Carlos Vales, pola ANPG, explicaron o sentido da nosa campaña e o significado antigalego e antipopular da Constitución española, o mesmo que farían en Ourense o compañeiro Xaquín Méndez, tamén do CC, Antón

Sánchez en representación da ING e Norberto Tabarés da ANPG, na plaza da Madalena, onde se xuntaron máis de medio millar de patriotas pra berrar, «Non, non, non á Constitución».

Compre señalar, asimismo, as concentracións de Muros, con 400 personas, Carballiño con 300, ou Carballo, así como unha restrita de mitines por diferentes vilas, proba unha vez máis, da presenza social da importancia orgánica, da realidade que é, hoxe o MNPG por toda a nosa nación.

No Ferrol, celebráronse mitines en Ares e Barallobre, con máis de 100 personas en cada un, e durante o día houbo pronunciamentos diversos contra da Constitución das seccións





sindicais da ING de Astanó e Bazán así como de dous delegados desta última empresa, de 11 delegados de ENDESA, 6 de ENFERSA, e dos de Ribera, CEASA, Toxeiro e Formoso; da Asociación de Veciños «Eume», das Pontes, e da Asamble de mariscadoras de Barallobre o día 15. Aos mitines do Ferrol chegarían, asemade, telegramas de LAB, de traballadores galegos emigrados, da ANPG de Bilbao, de EIA e de ANV, estensivos a todos os actos que nese día tiveron lugar pola nosa Patria.

En Ourense, amáis dos actos xa referidos, tivo lugar un mitin en Verín con 150 persoas, e no día antes concentracións no campo da feira de Xinzo e Allariz.

En Vigo, onde os actos públicos foran espesamente prohibidos polo Gobernador Civil e pola Xunta electoral —muestra de como se entenden os dereitos democráticos pra as nacións colonizadas— a plaza da Constitución, lugar da convocatoria solicitada, apareceu tomada pola PA, cun afán notoriamente provocador. O día 16, nembargantes, foi reconvertido nunha xornada de axitación e houbo asambleas informativas en 8 empresas de Porriño, en 4 de Tui, en Trevinca, Telefónica, Ruibal, Flex, Vidrios de la Florida, e obras de Construcción, en Vigo, así como pequenos mitines propagandísticos a saídas de AS-CON, Barreras, Vulcano, Santo Domingo, Alvarez e Citroen; e

reparto de papeletas por todos os mercados da cidade.

Outros mitines significativos foron os de Monforte, Sarria, Viveiro e Mondoñedo, con máis de 100 persoas cada ún, e o de Lugo, co local da AISS cheo (300 persoas) no que intervirían «Polo non galego e popular» membros das organizacións do MNPG. Bernardo Fernández, do SN das CC.LL. dixo que «A reforma agraria galega non é sómentes unha cuestión técnica senón que precisa dun marco político pra se realizar, un Goberno galego e popular que ven ser negado por esta Constitución». Constitución que definiu como representativa dos monopolios e consagrada da entrada no MCE, suñando: «Os labregos galegos temos que participar en todas as opcións políticas que nos afectan e, neste caso, votando NON».

Pola súa banda, Xosé Manuel Díaz, da DN da ING fala-

ría da Constitución como o marco político que posibilita e sustenta os pactos sociais.

O compañeiro Pedro Luaces, do CC e Secretario Xeral da UPG, interviría a continuación pra remarcar que esta Constitución «lexitima ao Estado imperialista español, unitario e indivisible, dos monopolios» e definiu o consenso dos vellos franquistas (UCD e AP) coa esquerda histórica española (PCE, PSOE) que xuntos elaboraron esta Constitución que se di pra todos os «españoles»; «na medida que en Galicia e, en Euskadi haxa moitos Non entón verase que non é de todos». O secretario Xeral do noso partido referiríase a continuación a mecánica caciquil que envolve a este referéndum, ao apoio descarado dos medios de comunicación ao Sí, pra facer seguidamente unha contraposición medida entre a Constitución española, colonial, efectivizadora da Au-

tonomía como manobra antinacionalista e as Bases Constitucionais, en cuíñas competencias se recolle todo o que servirá pra garantir a soberanía. Pedro Luaces concluíu criticando duramente a abstención, e definiría o Non como «voto militante, eficaz e de loita». Finalmente, Lois Diéguez, da Secretaría colexiada da ANPG, criticou duramente todo o referido a dereitos civís e sociais manifestando: «o trato que a Constitución dá ás linguas e culturas nacionais é escandaloso, quere convertilas en pezas de museo, e o galego que asume a su propia lingua é un home máis loitador, máis decidido pra se enfrentar coa vida, porque ten conciencia de seu» pra rematar denunciando a manobra abstencionista que persigue o propio Goberno e afirmar: «Os nacionalistas venceremos e teremos a nosa Constitución: As Bases Constitucionais».



«SALVAR O PORTO E SALVAR A CORUÑA»

Con iste slogan organizou a manifestación do día 3 na Cruña o españolismo, sen que en ningún intre houbera problemas en canto ao motivo e contido da manifestación entre as dereitas e as esquerdas (?), estaba todo ben claro: o importante era confundir e facer creer ao pobo da Cruña que a solución aos problemas pesqueiros da cidade estaba na negociación de mais licencias coa CEE, na cerimonia dos contactos de «alto nivel», no comportamento «especial» e «responsable» de todo o pobo, limando as diferenzas ideolóxicas xa que o problema —ao parecer nacido misteriosamente e sen presuntos culpables— é de todos. Resumindo o importante era salvar a cara cunha iniciativa —aínda que pareza contradictorio decilo— desmovilizadora, pra que o desmantelamento da nosa flota se poida facer mais cómodamente e xa calificandoo como «mal inevitable», «única saída viable», etc. Esta alternativa de saída negociada faise aínda mais ridícula cando o Subdirector Xeral de Pesca dixo claramente o martes día 7 (soio 4 días despois da manifestación) que as alternativas posibles eran:

- dará traballar: por exemplo, para los melicanosos.
- A inactividade, de parte da flota.
- O desquece dos barcos.
- A readecuación e capacitación do personal.

En derradeiro termo a frase que da a medida máis exacta do que realmente vai ser todo o proceso de negociacións propostas polos vocantes da manifestación do día 3 é a que pecha as declaracións do Sr. Subdirector: «Pero hay que comprender que la Dirección General de Pesca no puede ofrecer garantías de soluciones; conoce el problema eso sí, y lo estudia».

Ou o que é o mesmo: non vai haber ninquunha solución pra os sectores afectados, a única seguridade será a de que o Goberno da UCD, avelado na súa actuación por tódolos demais partidos e Centrales Sindicales españolistas que o arrouparon e diron legitimidade a súa xestión o día 3, vai contemplar o problema somentes dende os seus intereses —os da Burgesela Monopolista que perde a cabeza pola súa entrada na CEE—

- Evitar todo enfrentamento frontal coa CEE na cuestión das licencias.
- Promover o desquece dos barcos, invertido os fondos que terían de ser aproveitados na reforma das nosas

costas, en financiar empresas mistas ou sectores da produción diferentes noutras áreas do Estado.

Non ofrecer alternativa algunha á pesca de baixura e ao marisqueo, abandonandoo a súa paulatina destrución. En definitiva e unha vez máis expoliar os nosos recursos, exportar a plusvalía producida no noso país, condenar aos nosos traballadores á fame ou a emigración.

Na manifestación do día 3 —de 8.000 a 10.000 persoas, convocada con métodos puramente caciquiles e cun remate ao estilo fascista clásico con tódolos persoais (candidato do PC pra alcaldía da Cruña incluído) falando dende o balcón do Axuntamento— os partidos españolistas viñeron a confirmar na súa totalidade que a única alternativa que poden e queren dar hoxe ao pobo e ao porto da Cruña é a de servir aos intereses dos Monopolistas, que o único que significa «responsabilidade» de que falan é a concreción dun plan sistemático pra desmovilizar e anular ao pobo en tódolos seus esforzos pra conquistar as súas xustas reivindicacións, que a súa única estratexia política consiste en converterse nos axentes estabilizadores da «democracia» postfranquista, os administradores preferidos polos grandes Monopolistas pra que «en una época de transición» non disminúan os seus dividendos.

MARIÑEIRO DE MUROS: Polo primeiro convenio do arrastre

Co despido dun afiliado á ING, militante do noso Partido e delegado sindical, mecánico da baka «Amadorín», encetouse un paro na flota de Muros e un proceso de asamblea nas que, ademais de solidarizarse co compañeiro concreto, se reivindicou dun convenio colectivo pra porlle fin ao sistema «a parte» e rematar coas miserables condicións de traballo en que se atopaban merquillados os mariñeiros.

A folga foi reventada polos armadores despois de dez días de loita, saíndo ao mar coas plantillas sen completar, en condicións ilegais xa que logo, e contando coa inhibición das autoridades de Marina, con familiares que actuaron de esquirlas e coa actitude amanzante de 30 números da Guardia Civil.

Forzouse, nembargantes, gracias á solidariedade popular da vila e sobre todo á firmeza dos mariñeiros máis combativos, unha negociación cos armadores, que posteriormente, e a pesares dunha acta levantada e firmada polo inspector do Ministerio de Traballo, non foi respectada en todos os seus puntos. Deste xeito, téndose comprometido a enrolar á totalidade dos mariñeiros como condición previa ás negociacións, deixaron a catro persoas en paro con pretestos e sin fundamento.

O comportamento dos armadores é o típico dunha patronal que nin siquiera é consciente da súa situación nun contexto colonial. Son agresivos e hostís cos mariñeiros, aos que sobreesplotan, pero malos e complacentes coa Banca, e demais intermediarios financeiros que son os beneficiarios, en último termo, das actividades pesqueiras

por medio de préstamos e da comercialización do peixe (monopolio das lonxas, etc.).

Ao ingresar os armadores de Muros nunha asociación da Cruña, escomeza unha nova xera de negociacións nesta cidade arrincando a ING, en representación dos mariñeiros, a celebración de eleccións sindicais como paso previo a negociación definitiva do convenio.

O conflito ten indubidables connotacións políticas pra canto a ING é a única central existente na zona e a ampla solidariedade popular amosada na vila e comarca, anuncia a progresiva implantación do Movemento Nacional Popular Galego, polo que pra o caciquismo e o españolismo é cuestión de vida ou morte cercenar unha loita que ameaza con desterrarlo e desbancalo definitivamente. As simpatías cara o BNG da poboación de Muros son o recoñecemento das organizacións políticas —ANPG e UPG— que apoiaron as reivindicacións mariñeiras e da actuación da ING, organizando e dirixindo a loita sindical dos traballadores do mar, amosando a viabilidade da alternativa patriótica pra dar unha solución xusta ás arelas mariñeiras.

A firmeza dos mariñeiros e demais clases populares de Muros, cerrando filas ao redor da alternativa defendida pola ING, abortará sen dúbidas as maniobras dos armadores que tentan introducir sindicatos colaboracionistas (CC.MM. en boca dalgun deles) pra afogar as reivindicacións e impedir a consolidación da central sindical de clase e patriótica e de todo o MNPG na zona, organizacións que defenden en exclusiva os verdadeiros intereses do pobo traballador galego e neste caso de Muros.

O convenio da banca

Iste ano negociáase o convenio da banca privada. Dende hai tempo os traballadores diste sector vimos loitando por conquistar as melloras que xa disfrutaban noutras partes do Estado e que a nós non teñen negadas.

Ante esta nova loita preséntanse dúas alternativas: a das Centrales Sindicales Españolas CC.OO. UGT, USO, etc., que seguindo a súa liña de actuación a nivel estatal, non tendo en conta as reivindicacións dos traballadores galegos —como sucedeu na loita dos sábados—, e seguindo a súa liña política comprometida polo apoio e firma dos pactos sociais e agora a Constitución, pretenden negociar o convenio a nivel Estatal.

A outra alternativa de negociación do convenio a nivel galego, consecuente cos postulados de defensa da autoorganización dos traballadores galegos, presentada pola UTBG-ING (Central maioritaria neste sector), é a única alternativa cara a conquistar un convenio dos traballadores galegos que reflexe as melloras polas cales vimos loitando.

Iste nova loita que se vai emprender, loita non soio reivindicativa senón claramente política, reflexo do avance da conciencia nacionalista que os traballadores dunha nación colonizada van adquirindo, vai deixar moi claro cal é o camiño a seguir nas vindeiras loitas, e vai deixar ben claro tamén a quen sirven estas centrais españolas malchamadas de «clase», que reprime e boicotea a única alternativa correcta, á da ING, poñéndose en definitiva do lado da burguesía imperialista española, que é a que nos explota.

Mostra dista conciencia son os abuchos recibidos polas centrais españolas por parte dos traballadores na... bleas ao defender a negociación do convenio a nivel estatal, co único fin de entorpecer iste avance, e a autoorganización dos traballadores galegos nunha central nacionalista como é a ING.

OURENSE

O españolismo e a desmovilización no transporte

Os derradeiros acontecementos no Transporte, son unha proba palpable do intento de CC.OO. de poñer freno á perda de influencia que está tendo últimamente nos sectores máis importantes en Ourense, sen renunciar á súa política pactista e reformista.

Con afiliación en 2 ou 3 empresas, ven controlando as negociacións do sector no mais puro estilo do sindicato vertical fascista, mantendo o resto totalmente desinformado e sin posibilidade de participación no conflito.

Unha vez finalizado o convenio anterior (Nadal 77), e despois de unhas negociacións «eternas», sin plantexar nunca CC.OO., ningún tipo de medida de forza, en Abril do 78 o Delegado de Traballo dixa un laudo con efectos retroactivos, dende o 1 de Xaneiro, que non foi cumprido pola patronal. A cousa quedou así, e a Outono cando apareceu na prensa, a bomba e platillo, unha convocatoria de paro promovida polas CC.OO., reivindicando o cobro dos atrasos. O día seguinte desconvocaban a folga, decindo que a patronal prometera pagar os atrasos, sempre que se fixera por empresas e escalonadamente, asegurando as «necesidades» de cada unha.

Así, o que aparenta ser unha victoria debida á ameaza de paro, non é máis ca unha promesa meramente formal, posto que o cobro real dos atrasos dependerá, exclusivamente, da forza que fagan de agora en diante os traballadores dentro de cada empresa.

Evidentemente, iste actuación de CC.OO. non é máis que unha mostra

da liña reformista e españolista que caracteriza a esta Central sindical.

Dende a firma dos Pactos da Moncloa, pasando pola actuación na Crisis do Sector Naval, en ASCON, Corfi, Requejo, o metal de menos de 100, en Vigo, o metal en Ourense, etc., deixa a firma inminente dun novo pacto social, todos son feitos que demostran ás claras deica que punto «as Centrales Sindicales españolas e os partidos políticos que as apoian están incapacitados pra asumir as máis elementais reivindicacións da clase obreira galega. Pola contra a súa actuación está encamiñada a perpetuar baixo novas formas, a colonización dos traballadores galegos.

Neste contexto pensar que as CC.OO. lle interesara promover unha folga no transporte en Ourense, non podía ser máis que unha inxenuidade. Si se viron obrigados a anunciar esa posibilidade, despois de 10 meses de retraso, non foi máis que pra evitar o verse superados pola actitude de denuncia da ING no sector e polo tanto coa expectativa de non perder a hexemonía nun dos poucos sectores onde aínda a teñen en Ourense.

A ING, apoiada polo noso partido, é a única central que defende consecuentemente os intereses dos traballadores galegos, está a denunciar esta manobra oportunista e desmovilizadora, informando a tódolos traballadores pra velar polo cumprimento real do pago dos atrasos e de cara a impedir que se consuma en práctica, á alternativa reformista e españolista de CC.OO.

VILAXOAN A LOITA DAS MARISCADORAS



O noso Partido e máis a AN-PG están presentes na loita que mariscadoras da zona comprendida entre Cambados e Vilagarcía (Coron, San Miguel, Corbillón, Curras, Caleiro, etc.), están a levar a cabo pola devolución do chamado «Estêiro de Louzán» —Praia do Rial— concedido na súa meirande parte polo E.I.E. aos herdeiros do marqués de Rubián.

A ocupación da praia e recollida do marisco polos mariscadores trouxo consigo duros enfrontamentos coa policía armada e Guardia Civil e varios delitos, posteriormente multados por Gobernación, entre eles membros da AN-PG; pero non por eso os mariscadores se amedroan, plenamente convencidos de que a praia ten que voltar as súas mans, rexeitando a política colonial do EE na nosa nación respecto do sector marisqueiro, baseada nunha irracional e inxusta posta en marcha de concesións de bens comunais a particulares coa conseguinte

ruína das clases populares e destrugamento paulatino das nosas rías.

Si como no artigo 148, apartado 19 da Constitución española e colonial avala co consentimento do españolismo de toda caste, o Estado se atribúe todas as prerrogativas en canto á planificación e desenvolvemento do sector é ben claro que a política que agora se está a levar continuarase e que conflitos como iste sequiranse a dar pro fora xa do marco da «legalidade» constitucional.

Péchanse, deste xeito, as portas á posibilidade dunha Reforma Pesqueira Galega, cousa que contemplan as nosas BASES CONSTITUCIONAIS e que entre outras cousas estaría orientada cara á racionalización e modernización do sector marisqueiro mediante a regulación das extraccións e planificación de cultivos así como á eliminación das explotacións marisqueiras privadas e progresiva devolución as comunidades de mariscadores e o control efectivo da súa comercialización.

NAMIBIA: aillar á S.W.A.P.O., manlobra colonialista

En rode de prensa, ó presentar a súa dimisión como primeiro ministro, o desirado posteriormente presidente da República Sudafricana, Balthazar Johannes Voster, afirmaba que o seu país rexeitaba o plan da O.N.U. en relación co problema de Namibia. Pra sucedelo na xefatura do goberno foi nomeado Gert Pieter Botha, representante do núcleo mais «ultra» do racismo sudafricano. As verbas de Voster eran todo un programa político de cara á actuación da República Sudafricana non só no referente a Namibia sinón de cara a conter calquera avance das forzas progresistas na África Austral, acudindo mesmo á agresión contra países como Angola.

Có apoio mais ou menos encubierto do imperialismo norteamericano e europeo, esta operación coordínase coas manlobras do racismo rhodesiano contra a guerrilla e contra Mozambique e Zambia, pesie á fechada do acordo cos reformistas negros e a participación distes no goberno.

Diste xeito e no que se refire concretamente a Namibia, a R.S.A. non acepta que se fagan nise territorio eleccións baixo control internacional, decidindo o seu goberno colonialista facelas baixo a súa única supervisión. O oxectivo político da operación téñ como destino isolar á SWAPO (Organización Popular do Sudoeste de África) que está levando adiante a guerra popular armada contra o imperialismo racista con éxito crecente, e dar paso a unha «pretendida autodeterminación» e a unha independencia formal do territorio que recibiu en mandato da vella Sociedade de Nacións e que logo anexionou no 1949, baixo a égida da Alianza Democrática Turnhalle, que hoxe encabeza o líder branco Dirk Mudge. Como garantía, 50.000 soldados da R.S.A., detencións masivas de patriotas, persecución dos combatentes da SWAPO e agresións mesmo no territorio angolano.


O imperialismo occidental, tan escandalizado aparentemente «polos escosos racistas» dos «afrikaans» brancos, é o sostén moral e material do «establishment» na zona, en función dos seus propios intereses. Si Angola foi un duro golpe pró imperialismo, a perda de Namibia, no inmediato sul, sería o desastre, que, por demais, podería prever unha caída en serie de «pezas de domino» no sul do continente.

De acordo con datos da O.N.U. máis dun tercio do territorio de Namibia está nas mans dos monopólios dos E.E.U.U., Inglaterra, Francia, R.F. de Alemaña, Canadá e a propia República Sudafricana, que se plotan as materias primas do país (uranio, diamantes, cobre, ouro, etc., etc.). A mesma industria mineira está nun 90 por 100 baixo control das compañías Tsumeb Corporation e Consolidated Diamond Mines. Amén do aproveitamento da súa riqueza piscícola e gandeira polo colonialismo.

De pouco valen, ó parecer, que se esixa polos países africanos e progresistas a aplicación das sancións económicas ós racistas e o cumprimento das decisións do Consello de Seguridade e da Asambleia Xeneral da O.N.U. pra que se tras-pase o poder ás maos do pobo e do seu representante, a SWAPO, baixo o control das propias NN.UU. O imperialismo, conscente do que se xoga nesa zona, afórta con armas e medios de todo tipo ó colonialismo sudafricano porque os seus intereses son os mesmos.

A SWAPO, en loita pola independencia patria, está firmemente decidida a proseguir as súas accións militares e populares de masas contra o ocupante, deica acadar a total liberación nacional de Namibia. A denuncia das manlobras imperialistas e o apoio das forzas que loitan polo socialismo das forzas progresistas de África e do mundo inteiro, é moi importante pra acadar unha nova vitoria, desartellar as manlobras do colonialismo racista da R.S.A. i eliminar a opresión dun novo país. A UPG, partido comunista dunha nación colonizada, ó carón sempre dos pobos en loita pola súa liberación, denuncia as manlobras neocoloniales do réxime racista sudafricano e apoia a loita revolucionaria da SWAPO, único representante do pobo de Namibia, pola Independencia.

O imperialismo occidental, tan escandalizado aparentemente «polos escosos racistas» dos «afrikaans» brancos, é o sostén moral e material do «establishment» na




DICTADURA MILITAR NO IRAN

A gleada mobilizadora do pobo iraní contra a monarquía absoluta na que participan todos os sectores sociais con excepción da oligarquía e todas as forzas políticas (siismo, Frente Nacional e Tudeh —comunistas—) obrigou ó Sha a xogar a súa última carta: chamar ós militares á facerse cargo do Goberno.

O pro-iraní xeneral Gholam Reza Azhari, xefe do Estado Maior, foi designado primeiro ministro e instaurou a ditadura militar. Toque de queda, detencións, mortes e represión seguiron a suceder, mentras as mobilizacións populares proseguían e frolecían as folgas (a que afecta ós traballadores do petróleo incide gravemente no «Occidente» i especialmente en países imperialistas como Israel e a República Sudafricana). O 17 de novembro, Día do Exército, o pobo, unha vez máis, manifestou a súa repulsa á ditadura e ó Sha, apoiando a alternativa política da República Islámica e da Constitución de 1906 que defende a oposición, aglutinada no Movemento Islámico Nacional do Irán.

O novo goberno militar, como coartada, declarou que a súa misión era restablecer o orden e rematar coa corrupción (polo cal todos os políticos dos gobernos anteriores foron detidos e mesmo a fortuna do Sha foi sometida a investigación) pra dar paso a unha democracia «nacional». Clínicamente, Muhammad Reza Palevi, que sigue detentando todo o seu poder, declarou: «Rebelástedesvos contra da corrupción e da tiranía, i eu esou coa vosa revolución».

Os norteamericanos e os demais países imperialistas, axiña, dámonos o seu apoio ó novo goberno do «xendarme» político-militar da zona. A política dos «dereitos humanos» de Carter esvaíase novamente fronte ó gravísimo risco de que toda a xeopolítica imperialista referida ó Medio Oriente poida virse abaixo. A política neutralista que defende o ayatollah Khomeini anghista terriblemente ás potencias occidentais logo de que rexímenes democrático-populares se teñan instaurado en Afganistán e no le-mén do Sul.



A gravidade da situación é enorme. Mesmo palabras de «terceira guerra mundial» se teñen pronunciado con referencia á problemática de ise país, coloso de pés de lama do imperialismo. Difícilmente o imperialismo poida transixir. O goberno militar pretende viabilizar a medio prazo, primeiro o orden, e, logo, o compromiso e o reformismo moderado, controlado; en definitiva, salvar ó Sha e ós intereses dos «amos».

Noustante, a resistencia activa do pobo iraní mantense firme. Nin as detencións (como a de Karim Sandjahi, líder do Frente Nacional), nin os asasinatos, nin as persecucións teñen, polo de agora, debilitado a resistencia. Khomeini, dende París, mantén incommovible a súa

postura: eliminación do Sha e instauración da República Islámica neutralista, firme oposición ó réxime militar e a gran ameaza de declarar, en todo caso, si os métodos actuais —pacíficos— de resistencia non son suficientes e son reprimidos, a «jihad», a guerra santa, contra o «infidél», coa repercusión que tería niste país cun 90% de síltas, mesmo no exército.

Abrese, pois, a fase de agardar a que os novos datos entren en xogo. A política dos militares —realmente a derradeira baza do Sha— e a política da oposición —dirixida fundamentalmente polo liderazgo de Khomeini—. E como telón de fondo a actuación do Imperialismo pra salvagardar ise punto vital que é o Irán.

EUSKADI

A morte en Mondragón a mans da Guardia Civil dos militantes de ETA, Xosé M.ª Iturriz Garmendia e Roberto Aramburú Urriben, e da veciña do pobo Emilia Larrea, nun enfrentamento en que tamén resultaron feridos o «etarra» Kike Zurutuza Odriozola e os veciños Crescencia Vidaurreta, Alberto Beltrán e Xoana Martín, conmocionou a todo o País Vasco.

As notas feitas públicas polo Goberno Civil e Guardia Civil e pola consellería do Interior do Consello Xeneral Vasco diferían totalmente no referente ó xeito de desencadearse o enfrentamento entre os militantes de ETA e as FOP. Asegún os primeiros, a actuación das FOP foi unha réplica ós disparos dos «etarras» que viñan de ametrallar o cuartel da G.C. de Arechavaleta, mentras que na súa nota o Consello Xeneral Vasco falaba de actuación indiscriminada dos «guardias civiles» vestidos «de paisano». Posterior-

mente o ministro Martín Villa dirixía unha carta ó presidente do Consello Xeneral calificando a súa nota de «improcedente» e que «contribuíu a desencadear os lamentables incidentes e paros rexistrados no día de hoxe». O ministro ó conocer a noticia, según o xornal El País do 16 de novembro, exclamou «¡Vaia susto!», como estóu acostumbrado a que sempre os mortos señan os nosos...», frase posteriormente desmentida por un portavoz do Ministerio do Interior.

O día seguinte, milleiros de persoas se manifestaban en Le-górreta (Guipuzkoa) no enterro de Iturriz i escomenzaban a estenderse manifestacións e asambleas populares en protesta pola actuación das FOP en Mondragón.


O mesmo día 17, convocada polos partidos abertzales, xestoras, asambleas, populares, etc. unha folga xeneral paralizaba a provincia de Guipuzkoa, mentras



se sucedían as manifestacións e as barricadas, así como intervencións das FOP pra disolvelas. Os xornales Egin, La Voz de España, Unidad e o Diario Vasco non saían á rúa. Asimismo a folga e as manifestacións tiñan eco en Bizkaia e no resto de Euskadi.

Na sede de EIA en Donosti, nunha xuntanza dos grupos, asociacións e partidos convocantes, valorouse esa xornada como «moi positiva».

PERTUR



VOTAREMOS NON

Nas visporas do referendun constitucional, que no caso galego persigue como oxetivo fundamental institucionalizar a nosa dependencia colonial, o Estado imperialista español está usando, coma nos mellores tempos do franquismo, de tódolos mecanismos agresivos e demagóxicos pra culminar unha reforma que sacraliza o Estado unitario e capitalista. Nesta campaña colaboran, dende o aparello caciquil e burocrático ao servizo do goberno colonial, ás organizacións políticas e sindicais do españolismo. En resumo, son as ideoloxías vencelladas a intereses antigalegos as que propugnan o voto afirmativo na próxima consulta popular.

Conscentes de que a liberación do noso pobo depende da asunción por éste dunha actitude de enfrentamento á política española, ningunha postura abstencionista pode fornecer outro resultado que non sexa un apoio á mellor implantación imperialista. A inhibición política favorece sempre os oxetivos do poder colonial, según corroboran séculos de opresión da nosa Terra. Non van ser as fumas valeiras as que obriguem ao goberno a rebrandear a súa política cara a Galicia, senón un porcentaxe significativo de votos negativos.

Por eso, os galegos patriotas votaremos NON no próximo referendun.

Votaremos NON, porque esta constitución que se nos ofrece roubanos o dereito a soberanía que como nación nos corresponde, e cuio exercicio real constituíe premisa inderogábel pra rematar a colonización e construír unha Galicia ceibe e popular no camiño do socialismo.

Votaremos NON, porque a nosa patria, Galicia, aparece borrada xurídicamente na constitu-

ción elaborada polo parlamento español.

Os galegos de conciencia nacional e popular votaremos NON, porque esa constitución, española e colonial, é unha agresión clara aos intereses do noso pobo. Afortala o papel do capital monopolista, agravando os efectos derivados da nosa situación de dependencia. Incide negativamente na estabilidade do emprego cun aumento considerábel dos índices de paro, tanto polo que respecta ao sector obreiro como ás actividades dos pequenos marifeiros e da totalidade dos labregos. Situación ésta á que non é allea a pequena burguesía industrial e comercial, que verá acelerado o proceso de absorción á que tén sometida a acción dos monopolios. En consecuencia, Galicia seguirá emigrando, se cabe moito máis, sen escolas e cuns servizos sanitarios deficientes.

O pobo galego vota NON, porque a constitución pon nas mans de intereses privados, impedindo a súa estatalización, servizos fundamentais e de interés público coma o ensino e a sanidade.

O pobo galego vota NON, porque o noso idioma queda reducido a peza de museo, e porque intenta frenar o movemento de liberación nacional coa farsa autonómica, alternativa ésta caciquil e colonialista que Galicia descalificou masivamente na manifestación do pasado Día da Patria Galega.

Os galegos votamos NON, a fin de contas, porque, prescindindo dos resultados a nivel global, o respecto político do goberno español cara os problemas de Galicia virá condicionado, a curto prazo, polo número de votos negativos que as urnas dos nosos electores.

Votaremos NON, porque non existindo razón pra votar «sí», hainas abondo pra votar NON.